

Expdt:

Por resolución do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 12/07/2021, adoptouse o seguinte acordo:

Examínase o informe proposta elaborado polo Negociado de Deportes con data 8/07/2021 e que literalmente di:

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

Regulamento de prestación de Servizos Deportivos e uso de instalacións deportivas municipais

No BOP número 248 do 30/12/2010 publicouse o Regulamento de réxime interno de instalacións deportivas que tras o período de exposición pública, aprobouse definitivamente tras a publicación no BOP nº 55 do 22/03/2011.

O citado regulamento a data de hoxe, non recolle nin regula de forma eficiente instalacións deportivas de recente xestión directa por parte do Concello de Ferrol, nin da resposta eficaz as novas formas de acceso por parte dos usuarios/as a elas nin ós servizos que nelas se prestan.

Compre polo tanto, a aprobación dun novo regulamento que recolla e adapte a situación actual os dereitos e os deberes tanto dos usuarios/as das instalacións deportivas como as obrigas que normativa e competencialmente lle corresponden o Concello de Ferrol.

A prestación do dito servizo remite ao artigo 33 do Regulamento de Servizos de las Corporaciones Locales, o cal esixe a elaboración -por todo o servizo que presta- dun regulamento: “las modalidades de prestación, situación, deberes y derechos de los usuarios”.

Por outra parte o artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas sinala que:

“Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma.”

A consulta pública permanecerá aberta o prazo dun mes a contar dende o día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios.

Á vista do anterior PROPONSE ao concelleiro delegado da Área de Cultura Educación, Universidade, Deportes e Festas por decreto del alcaldía de data 8/07/2019

Primeiro.- A incoación do expediente para a elaboración dun **Regulamento de prestación de Servizos Deportivos e uso de instalacións deportivas municipais**, acordando o sometemento a consulta pública previa á elaboración do proxecto de dito regulamento, consulta que se sustanciará a través do portal web da Administración competente, na que se recabará a opinión dos suxectos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma”.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, indicándolle que, nos termos dos artigo 112 da Lei 39/2015 reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas que os presentes acordos constitúen actos de trámite sen que os mesmos decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto nin imposibilitan continuar o procedemento, polo que contra os mesmos actos non cabe recurso, sen perxuízo do dereito que asiste a opoñerse ao seu contido mediante alegación para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital.

O Secretario xeral